

Co fin de fomentar a creatividade literaria dos estudantes dos centros de ensino da comarca, o Concello de Verín convoca, coa colaboración de Gadis, o Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez e o Certame de Relato Curto Antonio Fernández Pérez
.

Bases do Certame de Relato Curto Antonio Fernández Pérez.

1.ª Poderán participar persoas matriculadas en Primaria (5º ou 6ª), 1º ciclo de ESO e 2º ciclo de ESO
en calquera dos
centros
docentes da
comarca de Verín
.

2. ª O relato será orixinal, inédito, con temática libre, escrito en galego, presentarase cun título e un
lema
e a
extensión non superará os 5500 caracteres
(2 DIN A4, escritos por unha cara, con tipo Times New Roman de corpo 12, marxes estándar (2 cm) e un entreliñado de espazo e medio)
.

3.ª A fase de preselección realizarase segundo o criterio de cada centro participante, que poderá enviar á fase de selección un
máximo de 3 relatos
, creados por persoas distintas matriculadas no centro,
en cada unha das tres categorías
.

4.ª Os relatos preseleccionados en cada centro enviaranse a cultura@verin.gal, antes das 12 h do 7 de maio
,
en ficheiros abertos que se denominarán co LEMA_ seguido de P, E1 ou E2, segundo o nivel no que concursarán [Primaria, 1º ciclo de ESO ou 2º ciclo de ESO])
.

5.ª O Xurado Cualificador estará composto por persoas con dereito a voz e voto, propostas pola Concellería de Cultura e Educación do Concello de Verín, e por un secretario, con voz e sen voto, que representará á organización. As súas decisións serán i napelábeis
.

6.ª Todas as persoas autoras dos traballos finalistas recibirán un diploma e un lote de libros.

7.ª En cada unha das tres categorías entregaranse os seguintes premios: 90 euros (1º premio)
,
60 euros

(2º premio) e 30 euros (3º premio)
.
De estimalo o Xurado, algún poderá quedar deserto.

8.ª O Concello de Verín resérvase o dereito de publicación dos relatos premiados con dotación económica en calquera formato e sen límite de edicións. Para acreditar a orixinalidade e o feito de non estaren editados, as persoas autoras e as persoas titoras das mesmas asinarán unha declaración. Os premios en metálico consideraranse compensación económica pola cesión de dereitos. De cada edición que se faga, as persoas autoras terán dereito a recibiren seis dos exemplares publicados.

A organización resérvase o dereito de interpretar ou modificar estas Bases, informando aos centros.

Bases do Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez

1.ª Poderán participar persoas matriculadas en Primaria (5º ou 6ª), 1º ciclo de ESO e 2º ciclo de ESO
en calquera dos
centros
docentes da
comarca de Verín
.

2.ª O poema será orixinal e inédito, de temática e estilo libre; estará escrito en galego; presentarase cun

título
e un
lema
;
non superará os 24 versos de extensión
. A persoa autora terá que concibilo para ser editado con caracteres tipográficos sobre un formato DINA4.

3.ª A fase de preselección realizarase segundo o criterio de cada centro participante, que poderá enviar á fase de selección un
máximo de 3 poemas
, creados por persoas distintas matriculadas no centro,
en cada unha das tres categorías
.

4.ª Os poemas preseleccionados en cada centro enviaranse a cultura@verin.gal, antes das 12 h do 7 de maio
,
en ficheiros abertos que se denominarán co LEMA_ seguido de P, E1 ou E2, segundo o nivel no que concursarán [Primaria, 1º ciclo de ESO ou 2º ciclo de ESO])
.

5.ª O Xurado Cualificador estará composto por persoas con dereito a voz e voto, propostas pola Concellería de Cultura e Educación do Concello de Verín, e por un secretario, con voz e sen voto, que representará á organización. As súas decisións serán i napelábeis
.

6.ª Todas as persoas autoras dos traballos finalistas recibirán un diploma e un lote de libros.

7.ª En cada unha das tres categorías entregaranse os seguintes premios: 90 euros (1º premio)
,
60 euros
(2º premio) e 30 euros (3º premio)
.
De estimalo o Xurado, algún poderá quedar deserto.

8.ª O Concello de Verín resérvase o dereito de publicación dos relatos premiados con dotación económica en calquera formato e sen límite de edicións. Para acreditar a orixinalidade e o feito de non estaren editados, as persoas autoras e as persoas titoras das mesmas asinarán unha declaración. Os premios en metálico consideraranse compensación económica pola cesión de dereitos. De cada edición que se faga, as persoas autoras terán dereito a recibiren seis dos exemplares publicados.

A organización resérvase o dereito de interpretar ou modificar estas Bases, informando aos centros.